



Carga da cabalería carlista na guerra de 1872-1876. De arriba abaixo: o xeneral Zumalacárregui; Carlos de Borbón e Austria (Carlos VII).

Analizar ou interpretar o pasado con criterios ideolóxicos pode levar –e habitualmente sucede– a alterarmos a realidade. Non esquezamos aquela máxima do Juan de Mairena machadiano: “a verdade é a verdade, díga a Agamenón ou o seu porqueiro.” E a verdade é que o carlismo foi esquecido en tempos de media democracia, de democracia plena ou incluso de ditadura, con especial ignorancia por parte da póla oficial dos Borbóns (Carlos María Isidro de Borbón segue enterrado na catedral de Trieste, onde morreu cando perentencia ao Imperio Austro-Húngaro).

Un dos grandes especialistas no seu estudo, Jordi Canal, profesor da Escola dos Altos Estudos en Ciencias Sociais de París, vén de publicar un novo ensaio, *Dios, patria, rey: Carlismo y guerras civiles en España* (Silex), que aporta diversas novidades sobre o tema. Unha delas é situar hai dous séculos xustos a aparición do cualificativo “carlista”, uns anos antes do comezo da primeira guerra dinástica e civil en 1833. Se ben convén non esquecer que a cerna das monarquías son as familias que as

encarnan, as guerras carlistas do século XIX representaron moito máis ca unha liorta entre cuñados: a rexente María Cristina e mais o pretendente Carlos María Isidro. Máis alá dunha simple cuestión dinástica, o carlismo foi o alzamento en armas dun sector social en defensa da relixión católica e da intervención divina a prol dun determinado monarca. Un movemento reaccionario e lexitimista semellante a outros, como foron o miguelismo en Portugal ou o dos seguidores do conde de Chambord en Francia.

Coa morte do chamado “rei felón”, Fernando VII, abríase un período que dun xeito ou doutro só podía levar ao establecemento dun réxime liberal. A escusa do pretendente a suceder o seu irmán era a Pragmática Sanción, que derogara a Lei Sálica que impedía o acceso de mulleres ao trono. Cando o infante se retractou de aceptala, o rei ordenoulle que marchase aos Estados Vaticanos e confiscou as súas propiedades.

Pero había máis mar de fondo: as poucas elites liberais formaran unha oligarquía que aspiraba a dominar os aparatos do Estado durante a rexencia de Cristina. Esta reorganización do Estado tivo un importante

Os herdeiros

Non cabe dúbida de que o carlismo foi un movemento popular de dimensión ampla e profunda. Unha das súas razóns de existir era a negativa a aceptar o unitarismo imposto polos liberais e mais a defensa da diversidade rexional. Foi así como os nacionalismos vasco, catalán e, en menor medida, o galego foron derivadas do carlismo derrotado en 1876.

Unha traxectoria contraria foi a mantida en terras como Navarra, que en xullo de 1936 asegurou o triunfo da sublevación militar e a inmediata represión dos partidarios da República. Desde diversas zonas de España, sublevadas ou non, moitos mozos católicos conservadores pasaron a formar batallóns do requeté coa advocación das virxes ou santos propios da rexión.

Nos anos finais da ditadura houbo unha escisión entre grupos de matóns de extrema dereita e a proclamación do Partido Carlista de Carlos-Hugo de Borbón-Parma como socialista. Pero no que moitos analistas coinciden é que se seguimos a traxectoria familiar do carlismo franquista, un corrente pasou a UPN e outra a Herri Batasuna. E o atávico menosprezo pola vida humana estaría no xerme da violencia etarra. Sen esquecer que en terras catalás, onde máis triunfou o independentismo nestes anos pasados foi onde dominara o carlismo no século XIX



paso coa nova división provincial, impulsada por absolutistas reformistas, que eliminaba os reinos históricos a prol da igualdade das provincias. Outra reforma en beneficio desa oligarquía foi a desamortización decretada por Mendizábal, que privou á Igrexa das súas propiedades, adquiridas en poxa de grandes lotes polos enriquecidos co réxime monárquico.

Pero os tímidos intentos reformistas de Fernando VII xa alertaran os monárquicos máis extremistas e en 1824 houbo diversos conatos armados alentados polo clero e polos partidarios do infante Carlos María. Estes, e con eles unha parte do exército, subleváronse contra a rexencia da raíña viúva. Os resultados, ao longo do século XIX, son coñecidos: dúas-ou tres- guerras civís. A Primeira guerra carlista (1833-1839), contra a rexente Cristina, e mais a Segunda, tamén chamada Terceira por outros autores (1872-1876), que afectou á monarquía reformista de Amadeo I, á Primeira República e á monarquía restaurada de Afonso XII.

Se en todas as contendas hai crueldade, cando a violencia é exercida en nome de Deus parece que haxa bula. E os carlistas armados foron especialmente crueis cos vencidos: velaí a profanación, a mans das tropas do xeneral Savalls, que padeceu o cadáver do brigadier mallorquino José Cabriretty cando foi morto en Alpens en 1873.

Con todo, os políticos liberais que medraron na rexencia da raíña rexente e no reinado de Isabel II non tiveron o apoio popular. España quedou á marxe das revolucións que cara a 1848 derrubaron (ou tentaron derrubar) os sistemas absolutistas por Europa adiante. Non foi ata a expulsión da raíña en 1868 cando as forzas democráticas accederon ao goberno: primeiro coa Revolución Gloriosa, despois co intento do rei Sabaio e finalmente coa Primeira República. A Restauración de 1874 deixou sen efecto a rebelión e os seguidores do pretendente pasaron a integrar o espazo político reaccionario, con apoio considerable de sectores da Igrexa.

Por Deus, pola patria e polo rei

200 anos do carlismo

JOAQUIM VENTURA